

PEZA DO MES

setembro

2010



PEDRA LITOGRAFICA



LITOGRAFÍA PARA IMPRESIÓN DE DÚAS CÉDULAS MASÓNICAS

PEDRA LITOGRÁFICA

O invento da litografía débese a Aloys Senefelder, dramaturgo e músico (Praga, 1771-Munich 1834), quen de maneira casual consegue crear unha técnica barata e sinxela de reprodución de estampas, a finais de século XVIII. O método, que se basea no rexeitamento entre a auga e a graxa, consiste en utilizar unha pedra calcárea, porosa e moi puída sobre a que se debuxa cun lapis ou tinta graxa. A pedra absorbe a graxa que, unha vez mollada, só recolle a auga nos poros que carecen de graxa. Aplicada posteriormente a tinta sobre o pedra, esta é repelida pola auga, pero non pola graxa do lapis que será a que imprima ao efectuar a presión. A retención da humidade facilítase dando unha man cun preparado a base de ácido nítrico e goma arábica.

Reciben tamén o nome de litografía, ademais do sistema de impresión, cada un dos exemplares obtidos por este procedemento, así como o taller onde se realiza este tipo de traballos. Posteriormente, ao aparecer as rotativas, comezáronse a empregar láminas flexibles de zinc ou de aluminio, e máis recentemente de plástico, en substitución das pesadas pedras litográficas. Coa incorporación da foto-

mecánica, deixaron de ser debuxadas a man, posto que a sensibilización da súa superficie permitía exactas reproducións fotográficas. Aínda que de forma incorrecta, aínda é frecuente denominar as empresas de artes gráficas como litografías.

O primeiro establecemento litográfico que se crea en España foi o que baixo a dirección de José María Córdano se estableceu en Madrid en 1819, na chamada Casa da Platina, dependente da Dirección de Hidrografía da Secretaría de Mariña. José María Córdano, considerado na súa época como o mellor gravador español de cartas xeográficas, foi pensionado para viaxar a Munich a aprender a nova arte da litografía con Senefelder. O establecemento tivo moitos problemas económicos, ademais da escasez de pedras e mala calidade do papel, o que supuxo que non se chegase a realizar ningunha obra con destino ao Depósito Hidrográfico. As escasas estampas que de alí saíron representaban escenas populares e tiñan como fin a súa venda ao público, como o testemuñan os anuncios aparecidos na prensa de época. Levaban a marca de Litografía de Madrid ou Establecemento Litográfico de Madrid.

Esta innovación técnica no campo da arte gráfica a finais do século XVIII foi moi importante no desenvolvemento da produción de estampas e significou unha verdadeira revolución no mundo da produción impresa. A litografía e a xilografía cambiaron a face das publicacións do século XIX pero no caso da estampa relixiosa a penas sufriron alteracións no tipo de imaxes que se difundían, aínda que o seu prezo resultase máis conveniente ao consumidor. Durante o primeiro tercio do século XIX a demanda era atendida coa continua estampación dos cobres abertos no século anterior ou as primeiras décadas do século XIX. Só cando Doña María Cristina de Borbón declara libre o exercicio da litografía esta tomará un verdadeiro pulo.

Con todo o achado resultou revolucionario para a impresión de partituras musicais, mapas, reproducións en cor e rótulos. O procedemento, hoxe en desuso, foi cumpridamente aproveitado con propósitos divulgativos, propagandísticos e comerciais. Os temas foron variadísimos, polo que se desprende dos anuncios en prensa interesaban tanto temas profanos como relixiosos. Os impresores, mesturaban sen demasiados escrúpulos nunha mesma pedra asuntos sen relación algunha, chegando a bordear os límites marcados polo censura. Xunto a leccións de anatomía imprimíranse ladaíñas, fe e razón, ciencia e superstición, o caso era o rendemento que se lle puidera sacar a pedra.


A pedra litográfica que conserva o Museo é de escaso valor artístico, pero ten un certo valor como documento. E ven a ratificar o que expomos no

parágrafo anterior. Por unha das súas cara aparecen debuxadas para a súa impresión dúas cédulas masónicas. Na primeira é máis interesante, se lle informa a un irmán que será o comisionado para que emita un informe sobre un “profesional”. A cédula, presidida co tradicional símbolo masónico do Triángulo, Escuadra é Compás, comeza coas iniciais A L G D G D U seguidas polos consabidos tres puntos en forma de triángulo, símbolo da perfección absoluta, e que veñen a significar A la Gloria Del Gran Arquitecto Del Universo. A continuación, despois do saúdo “Salud, Fuerza, y Unión” comeza o impreso propiamente dito en letra cursiva e coidada coa cerimoniosa fórmula de “querido hermano”, un membro activo do “Respetable Taller” da Logia Aurea, número 59, Or de Ourense. A cédula aparece fechada en Ourense na década dos anos 70 do século XIX, e foi ordenada polo “Venerable Maestro” e “Seguro Titular e Guardián de Sellos” de la Loxa antes mencionada. O outro impreso, que está contrapeado, é un simple recibo de cota.

Segundo o profesor Valín esta loxa pertencía o Gran Oriente de España e estivo activa na década dos oitenta do século XIX, pero pensamos, polo que se desprende da cédula, que puido estar xa activa unha década antes. A ela pertenceu, entre outros, Curros Enríquez, quen mantivo estreitas relacións co Gran Oriente Francés, e preconizaba para Galicia, a desaparición da pena de morte, a ensinanza primaria obrigatoria, a liberdade da Igrexa nun Estado libre ou o sufraxio universal dentro dun Estado republicano, laico e liberal.

Na outra cara aparece representada a Virxe dos Remedios, imaxe que se venera na capela da que é titular xunto a ponte romana, como se indica na cartela que aparece os pes da imaxe “VERDAD^a RETRATO / DE LA S^a VIRGEN DE LOS REMEDIOS/ que se venera junto al puente de Orense”. A Virxe, unha imaxe de vestir, leva o Neno no brazo esquerdo, e ambos aparecen coroados como é o habitual. O debuxo está moi desgastado pero parécese a outros, que abertos en tacos de madeira, tamén se conservan no Museo, e que pouco aportan dende o punto de vista artístico. Máis interese presenta o debuxo do retablo, que en nada se parece o actual. De corte clásico e limpo, como dictaba a Academia, no seu frontón nárrese un milagre que gracias á intervención da Virxe sucedera na ponte Maior, que aparece fielmente representado.

Como é habitual concédense indulxencias a quen rezase unha Salve diante da imaxe ou visitase devotamente o Santuario, concedidas por varios bispos de Ourense, sen especificar, polo que no cabería conflito. A obtención dun determinado número de indulxencias era unha das vantaxes da adquisición deste tipo de estampas. O devoto ao



CAPELA DOS REMEDIOS

compralas redimía os pecados e cría comprar un trociño de ceo. Estas vendas reportaban pingües beneficios ós Santuarios e Confrarías xa que non só se vendían ás portas dos santuarios ou nas sancristías, se non que había librerías especializadas ademais de santeiros, cerralleiros e quincalleiros que mesturadas con peites e espellos vendíanas polas feiras e romarías, para logo ser pegadas con migas de pan ou clara de ovos nas paredes dos fogares máis humildes, ou luxosamente enmarcadas nas casas ricas.


Quizás o que mellor resuma o que supuxo o mundo da estampa relixiosa ata ven entrado o século XX, é que non se preguntaba na linguaxe coloquial se un libro tiña ou non ilustración, se non se tiña santos. Sen dúbida, o que moitas das estampas ou gravados representasen efectivamente os santos e virxes de maior veneración motivou o ter feito extensivo o nome de santo a todo tipo de gravado, ata fai ben pouco.



FACHADA DO EDIFICIO Á PRAZA MAIOR



ESCOLMA DE ESCULTURA, SALA SAN FRANCISCO



MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible, facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana –da que quedan algunhas testemuñas fragmentarias, pero relevantes na historia da Cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o pazo do bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico artístico declarado en 1931.

Máis información e imaxes na **nova páxina web**:
<http://www.musarqourense.xunta.es>

ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha coidada selección de pezas de escultura, dende a proto-historia ao barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do ex-convento do mesmo nome, onde está o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 230 430

O horario de visita é o seguinte:

martes a sábado: 9.30 a 14.30h

16.00 a 21.00h

domingo: 9.30 a 14.30h

luns pechado

Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xílgaros s/n (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002. Ourense.

Teléfono: 988 223 884

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.30h ás 14.30h e das 16.00h ás 20.30h

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense.

TEXTO: Ana María Veiga Romero.

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río.

MAQUETA: Araceli Gallego.

ISSN: 1579-9956

Depósito Legal: VG 97-2004

Museo Arqueolóxico

XACOBEO 20 0
Ga ca

XUNTA
DE GALICIA